

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: En liña, a través da plataforma Jitsi Meet

DATA: sábado, 6 de marzo de 2021

HORA DE COMEZO: 10.45 h

HORA DE REMATE: 13.15 h

NÚM. DE ASISTENTES: 15 persoas

ORDE DO DÍA

- 1.Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
- 2.Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
- 3.Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
- 4.Exposición, debate e aprobación do informe de contas
- 5.Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio e 25 aniversario da CTNL
- 6.Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
- 7.Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Mónica Fernández, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2020 ([Anexo 1](#)) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

David Cobas explica que durante o período interasamblear 2020-2021 se rexistraron tres novas solicitudes de alta. Neste mesmo período rexistráronse 8 baixas, persoas que levaban tempo desligadas da asociación e que deixaron de pagar as cotas.

O número de socias/os da CTNL en febreiro de 2021 é de 161 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2020-21.

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, mais si se levaron a cabo as actividades máis urxentes e necesarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, Agasallo, etc.).

Editouse e fíxose público o *Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística*, e convocouse a segunda edición dos Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego, que tivo que ser adiada por mor da crise sanitaria e aínda non se resolveu.

Houbo outras actividades que quedaron pendentes de levarse a cabo no ano 2020:

avanzouse na elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, mais non se finalizaron os traballos; e tamén quedou pendente a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades, dos recursos materiais e humanos e das circunstancias que caracterizaron este ano, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Máis polo miúdo fomos tratando os diferentes bloques:

1. Defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras: continuamos coa difusión das convocatorias de prazas; fixéronse solicitudes e alegacións na procura de mellorar as condicións laborais e seguimento das axudas convocadas polas deputacións e a Xunta.

2. Promoción da formación continua: o curso escollido foi o de **Estratexias de comunicación para servizos de normalización lingüística** que, debido á situación sanitaria, tivo que desenvolverse na súa totalidade en liña. Esta actividade foi moi ben valorada polas persoas asistentes e agora mesmo, segundo indica a presidenta, só están pendentes os diplomas acreditativos.

Nova colaboración nos **Encontros** para a normalización lingüística que pola situación sanitaria mudaron a súa data e mais o formato. Tiveron moi boa acollida e a participación nos debates foi maior que noutras edicións, é probable que a edición deste ano sexa tamén en liña.

No apartado da transmisión de ideas e accións de fomento do galego, continuamos cunha nova edición do **LGx15**, que tamén tivo que variar o seu formato, con gravacións sen público e que puideron, por sorte, ser realizadas porque a situación sanitaria no momento acordado o permitiu. Segundo apuntou a presidenta, o non poder organizar o evento con público restou visibilización nos medios de comunicación.

En canto a **Agasallo.eu**, durante o 2020 a plataforma estivo actualizándose de forma continuada e con moita presenza nas redes sociais; tamén continuamos cos sorteos de materiais que tiñamos de vello e algunha que outra doazón das novas incorporacións. A presidenta informa da necesidade de reformulación desta páxina, da que xa se falara o ano anterior, poñendo o foco nas empresas e non tanto no produto en si.

No referido ao Premio **Mil primaveras**, tamén sufriu alteracións por mor da situación sanitaria, tivemos que interromper o prazo de entrega das propostas e neste momento están a ser valoradas polo xurado as 37 propostas presentadas -dez menos que na edición pasada-. Inda non está decidido se se fará un acto de entrega dos premios en directo.

E xa non último apartado de Accións organizativas e de comunicación continuamos na mesma liña que anos anteriores. Salientar que nas axudas solicitadas, este ano no convenio coa SXPL incluimos todos os proxectos para, cando menos, asegurarmos unha parte da axuda ante a incerteza das limitacións sanitarias. Afortunadamente cobrámosa na súa totalidade.

Logo da exposición por parte da presidenta, comezan as intervencións. Conchi C. dálle os parabéns e agradecementos á presidenta pola carta presentada en resposta ás acusacións do grupo municipal do PP, dirixidas ao SNL do Concello de Pontevedra. A estas felicitacións únese tamén Soco G., engadindo que foi un escrito moi ben feito e de grande utilidade para outros casos similares.

Soco G. dá os parabéns polo traballo desenvolvido neste ano complicado e nomeadamente polo curso de *Estratexias de comunicación* que se desenvolveu en liña e abre un novo xeito de ofrecer formación que facilita a participación.

Nel V. tamén felicita polo traballo desenvolvido neste ano, pola capacidade de adaptación a esta *outra realidade*. Pregunta pola reacción por parte dos denunciante do Concello de Pontevedra á carta enviada pola presidenta, que valorou como impecable e moi axeitada

tamén para outras administracións.

A presidenta responde que a CTNL non recibiu resposta, pero si Conchi, quen a continuación explica que, xusto o día despois do envío do escrito da CTNL o grupo municipal do PP atendeu a súa solicitude de entrevista. Na reunión ela pediu explicacións sobre a escolla do contrato do SNL entre os máis de corenta casos de contratación similar e expuxo os feitos que desmontaban as acusacións fundamentadas en terxiversación de datos e mentiras. A conclusión que tirou Conchi é que había un total descoñecemento e desinterese polo traballo de normalización lingüística; e que os prexuízos levaron o grupo municipal a escoller a situación do SNL para ir en contra o Goberno municipal.

Vótase o informe de xestión e apróbbase por unanimidade. ([Anexo 3](#))

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

David Cobas expón o informe económico do período comprendido entre o 15 de febreiro de 2020 até o 15 de febreiro de 2021 ([Anexo 4](#)) e ábrese unha quenda de intervencións.

David, repara polo miúdo no apartado das comisións bancarias, que seguen a ser abusivas. Logo de falar coa entidade chegou á conclusión de que non é posible eliminar ou rebaixar esta cantidade porque non temos contratados outros servizos coa Abanca, por exemplo, nóminas. A única opción que a entidade propón e ve viable é a da contratación dun seguro, que actualmente non temos. Isto suporía, segundo as indicacións do empregado de Abanca, unha rebaixa do 75% nas comisións (administración, mantemento, elaboración da remesa e transferencias a outras entidades), é dicir, todas a excepción da comisión que cobran polas devolucións de recibos da remesa. O seguro ten un custo de 272 €. En comisións teríamos un gasto 75% inferior ao do ano pasado (aproximadamente, xa que isto depende de varios factores: número de transferencias feitas a outras entidades, suba dos custos doutras comisións, etc.) Se durante o exercicio anterior os custos en comisións chegaron a 282,50 €, con seguro quedarían en 70,63 €. En total os custos bancarios ascenderían a 342,63 €, mais teríamos seguro obrigatorio.

Na quenda de intervencións son varias as persoas que propoñen cambiar de banco ao que David responde que xa fixera unha sondaxe e non compensaba co agravante de tramitar o cambio de domiciliación coa posible perda de socios/as no camiño. A maioría apunta na mesma dirección, continuar na mesma entidade compensando co seguro que ademais é obrigatorio. Rosa tamén propón reclamar as comisións do 2020 porque ela, por experiencia propia, as ten recuperado. A isto David responde que, segundo a información facilitada polo empregado de Abanca, a devolución se produce se se ten algún servizo contratado, mais chégase ao acordo de que se vai proceder a reclamar as cotas do ano pasado.

Vótase a aprobación do informe e apróbbase por unanimidade.

5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasamblear 2021-2022 ([Anexo 5](#)). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Continuaremos a defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es; realizar propostas de mellora da situación do traballo de NL; difundir o labor de NL e convocatorias e actividades de interese para traballadores/as de NL; elaborar unha posposta de temario para TNL e realizar unha proposta sobre os exames de lingua nas administracións

No apartado da formación hai tres propostas: 1. Ferramentas da educación social ao servizo

da NL 2. Obradoiro de planificación e avaliación e 3. Obradoiro de comunicación de argumentos no ámbito empresarial. A primeira proposta sería presencial, en setembro ou outubro, de non poder ser escolleríamos a segunda e desenvolveríase en liña. Os Encontros están programados tamén para outubro ou novembro.

En canto ás propostas para facer máis efectivo o traballo de NL seguiremos na mesma liña que en anos anteriores.

Continuaremos cos proxectos programados, o LGx15 xa na súa sétima edición será a comisión organizadora quen decida o formato segundo a situación sanitaria. Os Premios Mil Primaveras, pendentes de rematar a segunda edición e de decidirmos o formato da entrega de premios. Non haberá unha nova convocatoria ata despois do verán. Agasallo, como xa foi explicado no apartado da xestión, reformularemos o proxecto cara a un catálogo de empresas e non tanto de produtos.

Neste 2021, a A CTNL fai 25 anos e, desde a directiva, pensamos en facer unha peza audiovisual que recolla a experiencia dos/das socios/as e TNL, axude a dar a coñecer a asociación e o papel no traballo de NL. Crearemos unha comisión que desenvolva o proxecto. No apartado das propostas organizativas seguiremos na mesma liña que até o de agora.

Na quenda de debate valoráronse as seguintes propostas:

Soco G. propón un **Curso de formación sobre o proceso de normalización: Norma..que? Servizo de que?** que sirva como reflexión do que a normalización, que son os SNL, a súa necesidade e repercusión. (Detalle da proposta no anexo 7)

En xeral foi moi ben acollido por toda a xente, moi necesario e mesmo tamén acaído como reflexión destes 25 de CTNL. Constituírse un grupo para traballar máis a proposta.

Outras intervencións: ir adiante co Seguro RC, como xa se falou no apartado da xestión económica.

En canto ao LGx15 hai diferentes opinións sobre a volta ao formato con público ou continuarmos nesta edición co formato só en liña. Adela insiste en que a mellor opción neste ano inda incerto é en liña. Rosa defende que mellor en directo, para reforzar a idea da cultura segura. Esta opción é a preferida por toda a xente pero dependerá das circunstancias, haberá que planificar contando que poida ser presencial. Tamén se falou da posibilidade de facelo no exterior, Conchi, ofrece apoio de Pontevedra para facelo na rúa.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbbase por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período coas modificacións propostas.

6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2021 ([Anexo 6](#)), unhas previsións que continúan na mesma liña que as de anos anteriores.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

7. Rolda aberta de intervencións

Non houbo intervencións neste punto.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea, agradece a participación e desculpa as dificultades de conexión que houbo nalgún momento e interromperon a comunicación. Manifesta tamén o desexo de poder organizar a seguinte de maneira presencial. Eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Mónica Fernández Valencia

Anxos Sobriño Pérez

Anexos:

Anexo 1 :Acta anterior: [Acta da Asemblea Xeral ordinaria do 7 de marzo de 2020]

Anexo 2: Altas e baixas

Anexo 3:Memoria de xestión: [Informe de xestión 2020-2021]

Anexo 4: Memoria económica: [Informe económico 2020-2021]

Anexo 5 : Liñas de acción:[Proposta de liñas de acción para 2021-2022]

Anexo 6: Orzamento 2021:[Previsións orzamentarias para 2021]

**Anexo 7: Proposta de Curso de formación sobre o proceso de normalización: Norma..que?
Servizo de que?**

Socorro García

Dirixido a:

- Estudantado ou persoas graduadas que teñan interese en traballar neste campo.
- Estudantado en xeral que estea a buscar posibles futuros laborais.
- Novo persoal de servizos de normalización
- Profesorado
- Responsables políticos

Requisitos para que funcione:

- Créditos para estudantado.
- Homologación da formación para o profesorado

Circunstancias que poden axudar ao éxito:

- Acordo con forzas políticas para que se comprometan a inscribir algunha persoa participante.
- Acordo coa SXPL para que divulgue e anime o profesorado a asistir (ou o seu funcionariado).
- Acordo cos movementos de renovación pedagóxica para que animen o profesorado a asistir.

Contido:

- Para que serve a lingua?
- Paga a pena normalizar o galego?
- Onde están os principais atrancos?
- Existe algunha obriga legal para que as administracións interveñan?
- Que axentes están pulando pola lingua?
- Que son os servizos de normalización?
- Onde están dos SNL?
- Que podemos agardar dun SNL? Que servizos podemos atopar?
- Repaso dun abano de proxectos que desenvolven.

Metodoloxía:

- Curso breve, concreto, directo ao gran. Sen moita teoría. Diseñado en función do público.
- Completado con compilacións de sitios onde atopar información para afondar en cada parte, á medida do que cada colectivo poida requirir.



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal